

VALENTÍN PAZ-ANDRADE

LETRAS GALLEGAS 2012



XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
Secretaría Xeral de Política Lingüística  
CEIP ADR Castelao, Rianxo

Coordinadora:

M.<sup>a</sup> Teresa Tubío Rial

Autoría:

Belén Rodríguez Conde

Carina Jacqueline Sir Balsa

Noemí Figueira Tubío

Thais Carou Figueira

Manuel Piñeiro Sánchez

M.<sup>a</sup> Marcelina López Gey

Andrea M.<sup>a</sup> Rodríguez Cebreiro

M.<sup>a</sup> José Bellas López

M.<sup>a</sup> Josefa Amigo Forján

Ánxela M.<sup>a</sup> Diz Varela

Nuria M.<sup>a</sup> López Fernández

Dep. Legal: C 701-2012

# GALEGO DE CORAZÓN

## ÍNDICE

### 1. INTRODUCCIÓN

- Biografía do autor pág. 3

### 2. ACTIVIDADES

- Educación infantil pág. 4 a 7
- 1.º ciclo de educación primaria pág. 8 a 10
- 2.º ciclo de educación primaria pág. 11 a 13
- 3.º ciclo de educación primaria pág. 14 a 16

### 3. ANEXOS

- Corta e pega pág. 19
- Ilustra o poema pág. 21
- Quen é quen? pág. 21
- Cómic pág. 22
- Caricatura pág. 22
- Marcapáxinas pág. 23



## BIOGRAFÍA



Nºo barrio do Socorro, en Lárez (Pontevedra), naceu Valentín Paz-Andrade o 23 de abril de 1898. Foi un home polifacético que amosou un grande interese e talento en diferentes campos: avogado, empresario, político e escritor. Estudou en Pontevedra ata que ingresou na Universidade de Santiago de Compostela para cursar a carreira de Dereito. Nese momento, empezou a implicarse no galeguismo.

Baixo diferentes pseudónimos, colaborou en distintas revistas e xornais (*Gaceta de Galicia, El Pueblo Gallego, Outeiro, Grial, Faro de Vigo, Galicia* etc.) Amigo de Castelao desde mozo, sempre lle dedicou unha especial atención nos seus escritos. Debido ao contido dos seus artigos e ás súas ideas políticas estivo no cárcere en dúas ocasións, no 1924 e no 1957.

Licenciouse no 1921 e participou na “Causa dos tres rapaces”, pero ese mesmo ano tivo que marchar como soldado á fronte de África.

Desde o 1922 ata o 1926 dirixiu o xornal *Galicia*, en que tomaron parte numerosas personalidades galegas, entre elas, Castelao. Nesta publicación xurdiu a escola de caricaturistas galegos. Foi pechada pola Ditadura de Primo de Rivera. A partir do 1926, Paz-Andrade dedícase á súa profesión de avogado en Vigo. Faise cargo do asesoramento xurídico da Sociedade de Armadores de Bouzas La Marítima, mediando cos mariñeiros en folga. En relación con este conflito sofre dous atentados, un en Vigo e outro en Verín.

A comezos dos anos 30 participa na fundación do Grupo Autonomista Galego xunto con persoeiros como Cabanillas, Castelao, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Alexandre Bóveda e Carballo Calero. Elaboraron o anteproxecto do Estatuto de Galicia. No 1934 propóñeno como secretario do Partido Galeguista para substituír a Castelao, que fora desterrado, pero non acepta o cargo.

Cando o 18 de xullo de 1936 estala a Guerra Civil, permanece no seu despacho de Vigo. Como avogado, defende a varios intelectuais e galeguistas das condenas que se lles impuxeran, entre eles, a Xosé Núñez Búa e a Alexandre Bóveda. A outros axudounos a fuxir ao exilio, como foi o caso de Ramón Martínez López.

En setembro foi desterrado a Verín e, posteriormente, a Requeixo de Queixa, Castro Caldelas e A Pobra de Trives. En Trives coñece a Pilar, coa que casaría no 1939 xa en Vigo. Froito do matrimonio nacería Alfonso, ao que lle puxeron o nome en honra ao seu grande amigo Castelao. Ese foi o ano do seu derradeiro desterro, nesta ocasión a Villanueva de la Serena (Badajoz). A pesar de que regresou a Vigo, nunca recibiu notificación oficial en que se dese por rematado este desterro.

A partir de 1940, trala morte de Castelao (7 de xaneiro de 1950), mantén contacto cos republicanos, cos galegos emigrados e exiliados e colabora dunha forma máis activa no mundo da pesca e na FAO. Despois de morrer Franco, representa a Galicia na “Comisión dos Dez”, que negociou a transición co Goberno español presidido por Adolfo Suárez. No 1977 foi elixido senador por Pontevedra e no 1978 pronunciou o discurso de ingreso na Real Academia Galega.

Foi impulsor e vicepresidente de Pescanova. Moi implicado con Galicia e coa pesca, dirixiu a revista de economía e tecnoloxía *Industrias Pesqueras*, participou como relator en congresos da ONU con temas vinculados coa alimentación e a agricultura e escribiu o tratado *Principios de economía pesquera*.

Como poeta pertence á Xeración do 25. Escribe poesías que serán publicadas en *Pranto Matricial* (1955), en que evoca a morte de Castelao; *Sementeira do vento* (1968), en que canta á xente galega, aos exiliados, á paisaxe e aos poetas galegos; as súas derradeiras obras poéticas son *Cartafol de homenaxe a Ramón Otero Pedrayo* (1986) e *Cen chaves de sombra* (1979). Escribiu tamén ensaios como *Galicia como tarefa* (1959, en artigos), *A galecidade na obra de Guimarães Rosa* (1978) e *Castelao na luz e na sombra* (1982), unha das máis completas biografías sobre o autor rianxeiro.

Unha traxectoria tan produtiva levou a que se recoñecese a Paz-Andrade con numerosos premios: Pedrón de Ouro (1975), Cruz de San Raimundo de Peñafort (1978), Medalla Cidade de Pontevedra (1979), Medalla ao Mérito Social Marítimo e Medalla Castelao (1984), Medalla de Ouro da Cidade de Vigo (1986), Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo (1986). Morreu en Vigo, o 19 de maio de 1987.

EDUCACIÓN INFANTIL



Ola! Son un mariñeiro de Pescanova! Vouros presentar un home que quixo moito a Galicia e que por iso vai estar de festa o Día das Letras Galegas.  
É o meu capitán, e grazas a el podo pescar moitos animais mariños para que vós os poidades comer. Chámase Valentín Paz-Andrade.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

MAIO

LU	MA	ME	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

RODEA DE COR AZUL A DATA DAS LETRAS GALEGAS E COLOREA O MARIÑEIRO

OLA! SON VALENTÍN PAZ-ANDRADE. O MEU TÍO JUAN BAUTISTA FOI POETA E UNHA PERSOA MOI IMPORTANTE PARA MIN. ENSINOUME A APRECIAR AS LETRAS E A GALICIA



Valentín Paz-Andrade



Juan Bautista

COLORÉANOS E REPASA OS NÓSOS NOMES

EDUCACIÓN INFANTIL

TIVEN MOITAS PROFESÍONS:




Poeta  
 Avogado  
 Xornalista  
 Empresario  
 Politico



UNE AS PROFESÍONS  
 COS DEBUXOS QUE  
 CORRESPONDAN.  
 PINTA A TOGA DE NEGRO

ESTES VERSOS PERTENCEN A UN POEMA DO MEU LIBRO *PRANTO MATRICIAL*

Chora, terra, teu pranto matricial.  
 O que todo galego choraría,  
 se inda chorar pudiera,  
 até cubrir de lágoas o mare.



RODEA A VOGAL "O" NO POEMA. DESPOIS, COLOREA A CARA COA QUE SE CORRESPONDA O POEMA

EDUCACIÓN INFANTIL


ESTE É UN DOS MEUS POEMAS:

Plim-plim, plim-plim,  
 plim-plim, ...  
 Con silaba de febreiro  
 Canta, canta,  
 Os mineraes sonos  
 debullando,  
 Plim-plim, plim-plim,  
 plim-plim, ...  
 Canta, canta o teu cincel.

SEMENTEIRADO VENTO


RODEA NO POEMA AS VOGAIS QUE APARECEN NO TEU NOME

TAMÉN ESCRIBÍN EN MOITAS REVISTAS DEDICADAS Á TEMÁTICA DO MAR. A PORTADA DUNHA TIÑA O DEBUXO DUNHA SEREA COMA ESTA.



DEBUXA AS ESCAMAS QUE LLE FALTAN Á SEREA E PÍNTAA

FUN VICEPRESIDENTE DE PESCANOVA. UN DOS MEUS BARCOS PESCOU ESTE PEIXE




- 1 LARANXA
- 2 VERDE
- 3 AZUL
- 4 AMARELO

COLOREA SEGUNDO O CÓDIGO







EDUCACIÓN INFANTIL

PESCANOVA FOI A PRIMEIRA COMPAÑÍA EUROPEA DE BUQUES CONXELADORES DE PEIXE




INDICA O CAMIÑO QUE DEBE SEGUIR O BARCO PARA PESCAR O PEIXE

NO FONDO DO MAR PODEMOS ATOPAR MOITOS ANIMAIS MARIÑOS COMA ESTES

CONTINÚA AS SERIES E COLOREA


SE PESQUEI 5 PEIXES E ESCAPARON 2. CANTOS PEIXES TEÑO?



Teño  peixes

RISCA OS PEIXES QUE ESCAPARON E COLOREA OS QUE QUEDARON. REPASA A SOLUCIÓN E PON O NÚMERO

SE TIÑA 2 BARCOS E CONSTRUÍN 1 MÁIS. CANTOS BARCOS TEÑO AGORA?



Teño  barcos

DEBUXA O BARCO QUE FALTA E COLORÉAO. REPASA A SOLUCIÓN E PON O NÚMERO

Une e forma correctamente o nome dos catro lugares a onde foi desterrado Valentín Paz-Andrade:

Requeixo	Caldelas
A Pobra	de la Serena
Villanueva	da Queixa
Castro	de Trives

Atopa o nome de seis amigos ilustres de Valentín Paz-Andrade:

MASIDE - LAXEIRO - LUGRÍS - CASTELAO  
OTERO PEDRAYO - VICENTE RISCO

Dos seguintes títulos, risca os que non sexan obras de Valentín Paz-Andrade:

Cen chaves de sombra

R	E	V	I	R	V	S	A	P	D	I	O
W	W	D	D	L	I	D	R	I	W	I	T
H	K	W	G	Z	C	X	L	C	V	T	E
O	U	R	B	V	E	L	A	B	N	R	R
V	P	I	E	C	N	S	X	G	P	M	O
R	W	S	B	C	T	Z	E	D	Z	A	P
J	G	P	Q	E	E	H	I	L	K	S	E
B	R	U	L	O	R	W	R	U	N	I	D
D	C	A	O	F	I	G	O	G	Y	D	R
F	O	A	J	U	S	I	W	R	G	E	A
N	Y	R	B	V	C	R	U	Í	Q	N	Y
M	S	K	Z	Z	O	B	S	S	E	V	O

Memorias dun neno labrego

Pranto Matricial

Castelas na luz e na sombra

De catro a catro

Completa as seguintes oracións sobre a vida de Valentín Paz-Andrade coas palabras dos cadriños:


avogado      abril      Trives      Castelas

Naceu o 23 de ..... no barrio do Socorro de Lérez.  
Cando era mozo presentámlle a .....  
Exerce como ..... na cidade de Vigo.  
Coñece á súa muller durante o desterro en .....

1.º CICLO EDUCACIÓN PRIMARIA ACTIVIDADES


Bagaría fixo esta caricatura de Castelao e dedicoulla a Valentín Paz-Andrade.

► Intenta ser un bo caricaturista e debuxa:



Sitúa no mapa as catro provincias galegas: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

► Colorea a provincia en que naceu Valentín Paz-Andrade.



► Completa o fragmento do poema “Romance de dona Linda” do libro *Cen chaves de sombra* coas palabras que tes no recadro:

solpor	horas
reloxio	agulla
parada	

O ..... do pazo só unha ..... tiña.  
Eran resombra as ..... na pizarra sombriza,  
que da agulla ..... até o ..... caían.

A seguinte é unha adaptación dunha carta do *Epistolario* de Valentín Paz-Andrade que el dirixiu a Isaac Díaz Pardo.

► Rodea, seguindo o código, cada unha das súas partes:

<b>encabezamento:</b>	azul
<b>corpo:</b>	vermello
<b>data:</b>	amarelo
<b>despedida:</b>	laranxa
<b>saúdo:</b>	verde
<b>sinatura:</b>	marrón

*A Isaac Díaz Pardo*  
*Vigo, 28, xaneiro, de 1975*

*Querido Isaac:*

*Como anunciabas o teu derradeiro viaxe a Cataluña, non che escribín ao recibir os 8 exemplares de Pranto Matricial. Quero facelo agora, en primeiro termo pra che agradecer fundamentalmente o novo servicio que acabas de facer á cultura galega, á memoria de Castelao, e tamén á nosa amizade (...).*

*A edición está coidada e ben feita. É un belo libriño (...).*


*E agora, si podes manda que remitan algúns exemplares mais. Mandéi un aos do <<Faro>>, a pedido d-eles (...). Outro saíu pra New York, destinado a Emilio González López. Outro a meu fillo, e algúns mais a compromisos apremiantes (...).*

*E abonda pol-o d-agora. Outra vez moitas gracias (...) e fonda aperta de,*

*Valentín*

► Completa o encrucillado sobre Valentín Paz-Andrade:

1. Poemario feito en memoria de Castelao
2. Carreira universitaria que cursou Valentín Paz-Andrade
3. Continente ao que foi destinado como soldado
4. Xornal do que foi director
5. Empresa pesqueira en que Paz-Andrade é nomeado vicepresidente
6. Provincia en que naceu Valentín Paz-Andrade



► Ordena as seguintes oracións e así coñecerás mellor a Valentín Paz-Andrade:

no barrio do Socorro    Naceu o 23 de abril    de Lárez.    de 1898

Grazas ao    cando era mozo.    seu tío    Castelao    coñeceu a

muller durante    Coñece    o desterro    a súa    en Trives.


**ACERCA DE VALENTÍN PAZ ANDRADE**

Cando e onde naceu Valentín Paz-Andrade? ..... Onde e cando morreu? ..... Que carreira estudou en Santiago de Compostela? ..... Cando inicia a súa aproximación ao galeguismo? ..... Que talento evidencia Paz-Andrade desde moi novo? ..... Ao principio, definimos Paz-Andrade como “un home polifacético”. Que significa este termo? ..... A que facetas nos referimos? .....

Resolve este encrucillado relacionado coa vida do homenaxeado:

- HORIZONTAIS**
1. NOME DO SEU FILLO
  4. NOME DA SÚA MULLER
  7. CIDADE EN QUE MORREU
  9. DESIGNACIÓN QUE RECIBE DEBIDO AO ESTILO DE LITERATURA QUE EMPREGA
  11. ESTIVO DÚAS VECES, UNHA NO ANO 1924 E OUTRA NO ANO 1957, DEBIDO A ALGÚNS DOS SEUS ARTIGOS XORNALÍSTICOS
  13. DENOMINÁMOLO ASÍ DEBIDO A QUE FOI O VICEPRESIDENTE DUNHA EMPRESA MOI COÑECIDA

- VERTICAIS**
2. NOME DO RIANXEIRO AO QUE DEDICOU VARIAS OBRAS
  3. CIDADE GALEGA ONDE ESTUDOU NA UNIVERSIDADE
  5. CONTINENTE AO QUE FOI CANDO ESTABA NO EXÉRCITO
  6. UNHA DAS SÚAS FACETAS, EN QUE DEFENDEU O GALEGUISMO
  8. NOME DO DIARIO QUE DIRIXIU ENTRE 1922 E 1926
  10. PROFESIÓN QUE EMPEZOU A EXERCER A PARTIR DE 1921
  12. SECTOR ECONÓMICO CO QUE ESTIVO MOI RELACIONADO
  14. NOME DA CIDADE PONTEVEDRESA ONDE NACEU
  15. CARREIRA UNIVERSITARIA QUE ESTUDOU EN SANTIAGO DE COMPOSTELA



Investiga e completa as fichas dos seguintes libros:



**TÍTULO:** .....

**AUTOR:** .....

**EDITORIAL:** .....

**ANO DE PUBLICACIÓN:** .....

**XÉNERO:** .....

**TEMÁTICA:** .....



**TÍTULO:** .....


**AUTOR:** .....

**EDITORIAL:** .....

**ANO DE PUBLICACIÓN:** .....

**XÉNERO:** .....

**TEMÁTICA:** .....



**TÍTULO:** .....

**AUTOR:** .....

**EDITORIAL:** .....

**ANO DE PUBLICACIÓN:** .....

**XÉNERO:** .....

**TEMÁTICA:** .....

2.º CICLO EDUCACIÓN PRIMARIA ACTIVIDADES

“Chora, Terra, teu pranto matricial.  
O que todo galego choraría,  
se inda chorar pudiera,  
até cubrir de bágoas o mare.”  
*Pranto Matricial*

A que obra pertence este fragmento?.....  
A quen lle dedica o poema? .....  
Que significa a palabra “pranto”? .....  
E “matricial”? .....

“Se me deran a escoller  
entre un prendimento e outro,  
Serena de Extremadura,  
d-antes que en teus ermos solto,  
eu escoller escollera  
a cadea no chan noso”  
*Galegos na Historia. Valentín P.-A.*

Nestes versos fálanos Paz-Andrade do seu desterro en Extremadura.  
Que significa a palabra “desterro”? .....  
.....  
Cantas veces estivo na cadea o homenaxeado? .....  
En que datas? .....  
Por que motivo? .....

Relaciona, coloreando da mesma cor, cada lugar cun acontecemento da vida de Valentín Paz-Andrade:

Vigo	Estivo desterrado pola súa militancia política	Santiago de Compostela	Estudou a carreira universitaria de Dereito
Naceu un 23 de abril de 1898	Badajoz	Lérez	Morreu o 19 de maio de 1987

Hai un dito popular en que se asegura: “Os amigos cóntanse cos dedos dunha man”.  
Non era o caso de Paz-Andrade, que tiña moitos amigos.

Calca a túa man e escribe dentro de cada dedo o nome dalgúns dos moitos amigos de Valentín Paz-Andrade:



## INVESTIGA

- ▶ Por que se celebra o 17 de maio o Día das Letras Galegas?.....
- ▶ Desde que ano se festexa o Día das Letras Galegas? .....
- ▶ Busca o nome dos autores homenaxeados neste día: .....
- .....
- .....
- ▶ Elabora un traballo de investigación no teu caderno sobre os desterros de Valentín Paz-Andrade. Axúdate do seguinte guión:
  - ☞ Que significa ser desterrado?
  - ☞ Contexto histórico dos desterros:
    - Busca información sobre a Guerra Civil española
    - Procura datos sobre outros persoeiros galegos que tiveron que fuxir do país durante a Guerra Civil española. A quen axudou Valentín?
  - ☞ Cantas veces foi desterrado? Por que?
  - ☞ Sitúa nun mapa de España os lugares a onde foi expulsado.
  - ☞ No exilio escribiu poemas que foron publicados en dúas das súas obras. A cales nos referimos?
  - ☞ Copia fragmentos dalgúns destes poemas.
- ▶ Busca información sobre o recentemente falecido amigo de Paz-Andrade, Isaac Díaz Pardo:
  - ☞ Elabora una liña do tempo coas datas máis significativas da vida de Valentín Paz-Andrade.
  - ☞ Téndoos en conta, fai unha exposición oral en que se relaten os acontecementos máis importantes.

## ANDRADE POETA

## POEMA 1

*Cantarela do camiñante*

Deixo moza no lugar	Levo pan par-o camiño,
deixo a miña nai soíña,	levo caxata na man,
quedan pra min a fiar	e beberéi fresco viño
amor e lán na cociña.	no regato de Chavián.

*Cen chaves de sombra*

## POEMA 2

Se me dan a escoller  
 entre un prendimento e outro,  
 Serena de Estremadura,  
 d-antes que en teus ermos solto,  
 eu escoller escollera  
 a cadea no chan noso.  
*Galegos na historia. Valentín P.-A.*

## No poema 1

- Cal é a temática deste poema?.....
- Cantas estrofas ten?..... E cantos versos? ..... Que palabras riman entre si en cada estrofa?.....
- Mide os versos de cada estrofa e di que tipo de rima é .....

## No poema 2

- Por que estivo Valentín Paz-Andrade na cadea?.....
- Investiga o nome doutro escritor galego que estivese no cárcere e explica os motivos .....
- .....
- Busca na biblioteca, poemas que falen da cadea ou de estar preso e recítallelos aos teus compañeiros/as.



- Busca na sopa de letras o nome das seguintes obras de Valentín Paz-Andrade.

<p>Soldado da morte</p> <p>Cen chaves de sombra</p> <p>Pranto matricial</p>	<p>Sementeira do vento</p> <p>Galiza lavra a súa imaxe</p> <p>Epistolario</p>
---	---

E	G	Q	Y	S	M	R	H	J	T	X	F	T	G	W	T	B	F	V	D	C	Q	I	P	K
C	Z	C	H	R	J	T	R	K	F	F	Q	S	S	U	D	L	R	X	M	B	D	S	G	P
I	V	E	E	G	M	N	R	C	E	E	V	A	G	G	F	S	P	B	U	T	V	J	Q	I
O	B	P	T	J	U	F	E	L	R	I	W	S	A	F	L	B	B	T	V	S	L	L	P	K
E	G	I	W	C	R	D	F	G	A	O	X	O	L	C	Q	X	C	Y	U	W	A	H	J	P
Z	A	S	V	A	O	T	F	L	Q	C	F	L	I	F	A	H	E	W	D	A	I	E	I	R
Y	S	T	O	H	S	K	X	M	J	H	C	D	Z	X	C	S	N	A	O	R	C	P	Y	M
N	A	O	L	S	D	Q	L	X	G	P	H	A	A	I	B	P	C	U	G	B	I	A	S	Y
R	S	L	N	L	F	F	C	S	I	D	F	D	L	B	Z	Q	H	P	R	B	R	C	J	D
F	Z	A	C	K	P	S	I	Z	E	I	N	O	A	L	Q	N	A	O	T	X	T	J	L	Y
L	Z	R	O	L	O	S	W	M	Z	L	P	D	V	M	A	R	V	G	U	P	A	F	H	E
I	K	I	F	X	U	L	Z	U	S	T	T	A	R	L	N	G	E	Y	H	K	M	V	D	F
X	K	O	E	S	Q	K	F	E	J	U	F	M	A	I	T	J	S	A	Z	B	O	O	H	Z
J	Z	N	J	R	K	Q	J	H	J	J	X	O	A	Z	C	F	D	U	Y	T	T	X	X	F
A	W	X	Q	I	V	B	P	D	J	C	L	R	S	L	S	T	E	S	X	J	N	K	D	M
V	F	E	H	E	R	G	P	C	H	W	N	T	Ú	P	E	K	S	S	J	Y	A	Q	M	L
R	Y	X	I	O	F	C	B	T	Z	I	D	E	A	G	L	Y	O	L	J	X	R	V	D	L
Q	X	U	D	P	T	G	A	M	P	H	X	E	I	L	V	Q	M	R	T	P	P	A	R	U
H	V	H	A	A	Z	F	P	N	S	Q	Y	B	M	M	O	C	B	S	P	A	L	B	W	J
R	B	A	V	J	T	V	W	W	Q	M	C	H	A	H	P	J	R	B	E	S	D	U	D	S
I	R	Y	F	D	S	Z	T	F	X	R	W	Q	G	D	S	P	A	H	P	R	D	Y	A	T
M	A	T	T	D	C	C	O	E	V	G	N	M	E	T	U	E	P	E	W	R	Y	R	Y	Y
G	A	W	D	N	U	I	Q	Y	U	A	Q	O	N	F	G	J	X	C	X	I	U	O	Y	M
C	Z	K	M	I	A	J	H	S	E	M	E	N	T	E	I	R	A	D	O	V	E	N	T	O
M	L	D	M	P	Y	A	K	Q	B	J	I	W	D	N	R	N	H	Q	W	V	U	I	Y	B

- Escribe o título de dúas obras que non aparezan na sopa de letras.


.....

.....

**A****N****E****X****O****S**



Recorta e pega en orde o crebacabezas de Valentín Paz-Andrade:






Convértete nun fantástico ilustrador!

► Fai un debuxo do seguinte fragmento do poema de *Cen chaves de sombra*.

Romance de dona  
Linda

O reloxo do pazo  
só unha agulla tiña.  
Eran resombra as horas  
na pizarra sombriza  
que da agulla parada  
até o solpor caían.



QUEN É QUEN?

► Identifica e busca información sobre os seguintes amigos ilustres de Valentín Paz-Andrade:


Eduardo Pondal, Álvarez Blázquez, Eduardo Blanco Amor,  
Vicente Risco, Otero Pedrayo, Castelao.













Imos facer un cómic.



Inventa unha aventura de Valentín Paz-Andrade como soldado en África e ponlle título:

Empty box for the title of the comic.



Large empty grid for drawing the comic panels.


Valentín foi un admirador e grande amigo de Castelao, que era un brillante caricaturista.

Queres ser caricaturista? Fai a túa versión destas dúas caricaturas de Castelao.



E tamén do teu deportista favorito







## LIGAZÓNS WEB DE INTERESE

[http://www.xunta.es/linguagalega/espazo\\_web\\_valentin\\_paz\\_andrade](http://www.xunta.es/linguagalega/espazo_web_valentin_paz_andrade)  
(Valentín Paz-Andrade. Espazo web).

<http://www.valentinpazandrade.es>

<http://consellodacultura.org/> (Consello da Cultura Galega)

<http://www.aelg.org/> (Asociación de Escritores en Lingua Galega)

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=node/437>  
(Materiais elaborados por diversas bibliotecas escolares de Galicia)

## BIBLIOGRAFÍA

CALVO, Tucho. *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século*. Sada, A Coruña, Edicións do Castro, 1998.

CARBALLA ALONSO, Xan. *Biografía de Valentín Paz-Andrade*. Vigo, Editorial Galaxia, 2012.

PORTELA YÁÑEZ, Charo. *Galegos na Historia. Valentín Paz-Andrade*. Vigo, Ir Indo Edicións, 1998.

PORTELA YÁÑEZ, Charo. *Biografía e antoloxía*. Vigo, Edicións Xerais, 2012.

PORTELA YÁÑEZ, Charo e DÍAZ PARDO, Isaac. *Valentín Paz-Andrade. Epistolario*. Sada, A Coruña, Edicións do Castro, 1997.

## EDICIÓNS UTILIZADAS NA REALIZACIÓN DESTA GUÍA

PAZ-ANDRADE, Valentín. *Cen chaves de sombra*. Sada, A Coruña, Edicións do Castro, 1979.

PAZ-ANDRADE, Valentín. *Pranto matricial*. Sada, A Coruña, Edicións do Castro, 1975, 3.<sup>a</sup> edición.

PAZ-ANDRADE, Valentín. *Castelao na luz e na sombra*. Sada, A Coruña, Edicións do Castro, 1982.

PAZ-ANDRADE, Valentín. *A galecidade na obra de Guimarães Rosa*. Sada, A Coruña, Edicións do Castro, 1978.

